Baixada do Eume 52

Liga Galega 2018

CLUB NÁUTICO Firrete

Ponteareume

Celta

Deputación DA CORUÑA

//ABANCA

FGP federacióngaleganadepiragüismo

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE

CABREIROÁ

DATA, HORA E LUGAR

Sábado 01 de setembro de 2018 a partir das 17:30 h. no río Eume. Con saída desde o 1º refuxio para homes cadete, canoas e mulleres; e desde o 2º refuxio para homes veteranos, sénior e júnior.

A meta sitúase nas inmediacións da "Ponte de Pedra" en Pontedeume, tirarase unha liña de boias desde a ponte da autoestrada para que conduza aos deportistas paralelos ao paseo marítimo de Pontedeume.

CATEGORÍAS, MODALIDADES, DISTANCIAS E SAÍDAS

7 km con saída desde a auga:

17:30 h. K-1 home cadete.

17:33 h. C-1 home sénior e júnior e veteranos.

17:36 h. K-1/K-2 muller sénior e veteranas, k-1 muller júnior e k-1 muller cadete.

17:39 h. C-1 home cadete e mulleres en canoa.

12 km con saída desde terra:

17:40 h. K-2 home sénior e veteranos.

17:45 h. K-1 home sénior, júnior e veteranos.

(SEGUNDO O NÚMERO DE PARTICIPANTES PODERÁ HABER VARIACIÓNS)

TROFEOS E MEDALLAS

Serán entregados trofeos (figuras de Sargadelos) aos tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría, e trofeos aos tres (3) primeiros clubs clasificados.

A entrega de trofeos realizarase, unha vez comunicados os resultados oficiais, na praza do Concello de Pontedeume ás 20 h.

APARCADOIRO E DUCHAS

Habilitarase no porto de Pontedeume o APARCADOIRO para as furgonetas e demais vehículos dos participantes. Os deportistas poderán utilizar os VESTIARIOS CON DUCHAS do Pavillón Municipal de Deportes.

ADESTRAMENTOS NO RÍO EUME

Os adestramentos autorizados pola Consellería de Medio Ambiente (institución que regula o parque natural "Fragas do Eume"), para os deportistas inscritos na proba, poderán realizarse os días 27 e 30 de agosto (entre as 15 e as 21 horas).

OUTRA INFORMACIÓN

No día da regata o TRÁFICO na estrada de acceso aos distintos lugares de saída da competición estará restrinxido durante todo o día. Entre ás 15:00 e as 17:00 horas se permitirá o paso pola estrada paralela ao río con dirección ós puntos de saída ós automóbiles dos equipos que compitan na proba e teñan a folla da autorización sellada polo Club Náutico Firrete. Débese recoller a autorización cando se faga a CONFIRMACIÓN DAS INSCRIPCIÓNS (na casa do Concello de Pontedeume). Os vehículos deberán estacionar nos lugares indicados polo persoal da organización e non circular con dirección a Pontedeume ata as 17:30 (despois da saída aos participantes).

MÁIS INFORMACIÓN: 605236646 - 616628990

www.firrete.es / www.fegapi.org

Moitas grazas pola vosa atención e participación.

CLUB NÁUTICO FIRRETE